



BOLETIN BREXIT

EDICIÓN – 31/08/2022

Este boletín describe unha visión xeral do modelo básico para as importacións: os procesos que deben seguir, unicamente como unha guía, todos os movementos de mercadorías a partir do mes de xaneiro de 2022. Non se trata dunha lista exhaustiva de todos os requisitos que poden aplicarse a un movemento de mercadorías. Trátase só dunha visión xeral. Neste boletín non se inclúen outros requisitos aplicables a determinados movementos de mercadorías.

Declarar os envases reutilizables para as importacións e exportacións en Gran Bretaña

Os envases reutilizables requiren unha declaración aduaneira. Neste contexto, os envases reutilizables son bens que compren todo o seguinte, deben:

- Servir para o transporte doutras mercadorías.
- Ter unha exención de dereitos de importación no momento da importación.
- Non estar destinados á venda.
- Ter contido polo menos nun tramo da súa viaxe de importación ou de exportación.

Os envases como o plástico de burbullas e as caixas de cartón non se inclúen como envases reutilizables.

No momento da importación, os envases poden declararse para a súa libre circulación mediante os mecanismos previstos ou de forma oral a un axente da UK Border Force (o organismo de control fronteirizo británico). As mercadorías tamén poden declararse en réxime de Admisión Temporal. Se este é o caso, estas mercadorías estarán destinadas a ser reexportadas. Non haberán de pagarse dereitos arancelarios nin o IVE británico á importación por eles. Para asegurarse de que non se debe pagar o IVE británico á importación, o importador e o exportador do envase deben ser o mesmo.

O 22 de agosto de 2022, a HMRC actualizou as súas directrices sobre os envases reutilizables. Modificouse o momento de presentar unha declaración de seguridade para as importacións na Gran Bretaña. Non se introducirán novos controis á importación no 2022. No outono publicarase un novo modelo operativo de controis fronteirizos, co obxectivo de introducir as novas normas a finais do 2023.

O 30 de agosto de 2022, a HMRC publicou un artigo para lembrar ás empresas que deben presentar as declaracións de importación a

través do novo sistema aduaneiro, por exemplo, o Servizo de Declaración de Aduanas, a partir do 1 de outubro de 2022.

As empresas con axentes de aduanas deben comprobar que están preparadas para utilizar o Servizo de Declaración de Aduanas. As que non teñen axente de aduanas deben prepararse para facer as súas propias declaracións utilizando un software compatible co sistema. O 30 de agosto de 2022, a HMRC publicou un artigo para lembrar ás empresas que deben presentar as declaracións de importación a través do novo sistema aduaneiro, por exemplo, o Servizo de Declaración de Aduanas, a partir do 1 de outubro de 2022.

As empresas con axentes de aduanas deben comprobar que están preparadas para utilizar o Servizo de Declaración de Aduanas. As que non teñen axente de aduanas deben prepararse para facer as súas propias declaracións utilizando un software compatible co sistema. Perfeccionamento activo - Descarga de mercadorías con autorización completa

As empresas poden utilizar o réxime de perfeccionamento activo para atrasar ou reducir os dereitos de importación ou o IVE británico á importación das mercadorías que transforman ou reparan, aínda que para iso é necesario contar coa autorización correspondente. Este tipo de mercadorías poden pasar do réxime de perfeccionamento activo á libre circulación, a outro réxime especial ou á reexportación.

O 5 de agosto de 2022, a HMRC actualizou as súas directrices sobre a descarga de mercadorías cunha autorización completa. Para dar de baixa as mercadorías do réxime de perfeccionamento activo, as empresas deben enviar un formulario, coñecido como "bill of discharge", á súa oficina de supervisión no prazo máximo de 30 días desde a finalización do período de baixa. Este formulario se pódese encher [enliña](#) para CHIEF, aínda que a HMRC publicou unha ligazón ao formulario postal ao que se pode acceder [aquí](#).

Recarga da conta de aprazamento de dereitos arancelarios utilizando o Servizo de Declaración de Aduanas (CDS)

O 17 de agosto de 2022, a HMRC actualizou as súas directrices sobre como recargar a conta de aprazamento de impostos utilizando a plataforma do CDS. Engadiuse nova información sobre como aprobar un pago a través da conta bancaria en liña das empresas.

Se unha empresa alcanza o seu límite de aprazamento mensual, non pode importar máis mercadorías utilizando o Servizo de Declaración de Aduanas (CDS). Se se achega ao seu límite, ou o supera, pode facer un pago que o HMRC imputará aos dereitos de importación ou ao IVE británico á importación cargados na súa conta. Isto aumentará o saldo dispoñible da empresa para que poida seguir importando mercadorías.

[Como ingresar saldo na conta de aprazamento de pago?](#)

As empresas poden aprobar un pago a través da súa conta bancaria en liña ou facer unha transferencia a través de Faster Payments, CHAPS ou Bacs. Para pagar en liña necesitarán a referencia da súa conta de aprazamento de dereitos. A referencia debe empezar por "CDSD", seguida do número de conta de aprazamento de dereitos de 7 díxitos da empresa.

Aprobar un pago a través da conta bancaria en liña

As empresas poden pagar directamente a través da súa conta bancaria en liña ou co móbil. Para iso, deben ter á súa disposición os seus datos bancarios en liña. Ao utilizar o servizo en liña, seleccione a opción "pagar por conta bancaria". As empresas terán que acceder á súa conta bancaria en liña ou no móbil para aprobar o pago. O pago adoita ser inmediato, pero ás veces tarda ata dúas horas en aparecer na conta das empresas.

Queda un mes para que os importadores pasen á plataforma aduaneira única

O 30 de agosto de 2022, a HMRC publicou un artigo para lembrar ás empresas que deben presentar as declaracións de importación a través do novo sistema aduaneiro, por exemplo, o Servizo de Declaración de Aduanas, a partir do 1 de outubro de 2022.

As empresas con axentes de aduanas deben comprobar que están preparadas para utilizar o Servizo de Declaración de Aduanas. As que non teñen axente de aduanas deben prepararse para facer as súas propias declaracións utilizando un software compatible co sistema.